

Contas económicas trimestrais. Terceiro trimestre de 2011

NOTA DE PRENSA

A economía galega rexistra un crecemento intertrimestral nulo no terceiro trimestre de 2011

O crecemento interanual foi do 0,6%

O Produto interior bruto (PIB) xerado pola economía galega no terceiro trimestre de 2011 rexistrou un crecemento de seis décimas con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento supón manter o crecemento interanual observado no trimestre anterior.

O crecemento interanual do PIB galego no terceiro trimestre do ano é inferior ao dato avance difundido polo INE de crecemento da economía española (0,8%).


Neste trimestre o incremento intertrimestral sitúase no 0,0%, dúas décimas inferior ao crecemento do trimestre anterior e igual á taxa intertrimestral nacional.

Produto interior bruto

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

	2009	2010	2010				2011		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Variación interanual	-3,1	0,1	-1,1	0,2	0,7	0,5	0,8	0,6	0,6
Variación intertrimestral	--	--	0,0	0,5	0,1	-0,1	0,4	0,2	0,0


Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais



Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

Demanda

No terceiro trimestre de 2011, a achega da demanda en termos nacionais ao crecemento do PIB foi de -2,2 puntos porcentuais, tres décimas superior á contribución do trimestre anterior. O gasto en consumo final presenta un descenso do 1,2%, unha décima inferior ao rexistrado no trimestre anterior, o apartado da formación bruta de capital rexistra un descenso do 4,5%, oito décimas menor ao retroceso observado no trimestre precedente. A contribución do sector exterior é de 2,7 puntos porcentuais, descendendo catro décimas con respecto ao trimestre anterior.



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2005=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2009	2010	2010				2011		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Gasto en consumo final	-0,6	-0,3	-0,4	0,1	-0,3	-0,5	-0,7	-1,3	-1,2
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-2,3	-0,4	-0,7	0,1	-0,6	-0,6	-1,0	-1,6	-1,4
-Gasto en consumo final das AAPP	4,7	0,2	0,3	0,0	0,3	0,1	0,1	-0,7	-0,8
Formación bruta de capital	-10,0	-6,2	-4,8	-6,2	-6,9	-6,9	-5,1	-5,3	-4,5
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	-3,5	-1,9	-1,7	-1,7	-2,2	-2,3	-1,9	-2,5	-2,2
Exportacións de bens e servizos	-11,3	7,1	14,8	8,7	4,1	1,6	5,2	8,2	3,8
Importacións de bens e servizos	-9,9	2,4	11,0	3,9	-1,3	-3,0	-0,2	1,6	-1,4
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	-3,1	0,1	-1,1	0,2	0,7	0,5	0,8	0,6	0,6

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares decrece un 1,4% no terceiro trimestre de 2011, dúas décimas inferior ao descenso que experimentou no trimestre anterior. A debilidade deste agregado reside sobre todo na atonía do mercado de traballo que diminúe a renda dispoñible. Indicadores de consumo que amosan un comportamento similar ao do agregado son: as matriculacións de turismo e o índice de

vendas de comercio polo miúdo deflactado e corrixido de estacionalidade e calendario que rexistran neste trimestre un descenso inferior ao do trimestre precedente, a taxa interanual das matriculacións pasa dun descenso do 57,3% no segundo trimestre a unha redución do 11,4% no terceiro e o índice de vendas do comercio polo miúdo mellora unha décima. O índice de confianza do consumidor tamén presenta neste trimestre unha leve mellora –dúas décimas - respecto ao trimestre anterior. En cambio, a renda salarial real calculada coa afiliación, o incremento salarial pactado en convenio e o IPC acada un descenso superior ao do segundo trimestre.

No mesmo período, a taxa de crecemento do gasto en consumo final das administracións públicas é unha décima inferior á taxa observada no trimestre anterior quedando no -0,8%, rexistrando por segundo trimestre consecutivo taxas negativas.

A formación bruta de capital mostra un ritmo de caída inferior ao do trimestre anterior, descendeu un 4,5% neste trimestre. A maioría dos indicadores rexistran menores descensos que no trimestre anterior, así, as importacións de bens de equipo acadan unha taxa de crecemento positivo logo de cinco trimestres en negativo, a inversión en construción residencial rexistra un menor descenso que no trimestre anterior, a produción industrial de bens de equipo reduce tres puntos o seu descenso e a matriculación de vehículos de carga descende un 12,8% con respecto ao terceiro trimestre de 2010, case vinte puntos menos que no segundo trimestre.

Como xa se comentou anteriormente, no terceiro trimestre de 2011 a achega da demanda externa neta foi de 2,7 puntos, catro décimas inferior que a estimada no trimestre anterior. As exportacións presentan un crecemento do 3,8%, 4,4 puntos porcentuais menos que no trimestre precedente; as destinadas a outros países continúan a rexistrar fortes crecementos e compensan a atonía da demanda do resto de España e a caída do gasto dos non residentes. Pola súa parte, as importacións caeron un 1,4%, o que supón un descenso de tres puntos sobre o crecemento do trimestre anterior.

Oferta

Dende a perspectiva da oferta, no terceiro trimestre de 2011 os crecementos interanuais son positivos no sector primario e nos servizos. En sentido contrario, as ramas enerxéticas, industriais e a construción rexistran un crecemento negativo; as enerxéticas e industriais aumentan o seu ritmo de descenso e a construción minora levemente as taxas negativas de trimestres anteriores.

As ramas agraria, gandeira e pesqueira presentan un crecemento do 3,0%, o mesmo crecemento que o do segundo trimestre. O bo comportamento das ramas agrarias e gandeiras compensa a caída en volume dos indicadores do sector pesqueiro.

As ramas enerxéticas rexistran un decrecemento do 2,5%, 1,1 puntos por enriba da caída do trimestre anterior. No caso das ramas industriais obtense unha taxa de variación interanual inferior en 0,8 puntos á taxa do trimestre anterior, mostrando un rexistro do -3,9%; no índice de produción industrial destas ramas apréciase unha evolución similar.

A taxa de crecemento do sector da construción foi do -2,4%, unha décima superior ao crecemento rexistrado no trimestre anterior. A edificación residencial mellora a taxa interanual do segundo trimestre de 2011 e compensa a maior caída tanto da edificación non residencial como da licitación oficial en obra civil.

Por último, neste trimestre o sector dos servizos presenta un crecemento interanual do 1,5%, o que implica un crecemento igual ao do trimestre precedente. Os servizos de mercado minoran unha décima a súa taxa interanual acadando un crecemento do 1,6%. Os servizos non de mercado creceron un 1,1%.

Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2005=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2009	2010	2010				2011		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Ramas agraria e pesqueira	-2,1	3,1	-0,7	1,7	4,9	6,8	3,1	3,0	3,0
Ramas enerxéticas	-3,2	3,5	5,6	2,4	5,7	0,6	-4,3	-1,4	-2,5
Ramas industriais	-13,7	-0,5	1,0	3,5	-1,6	-4,5	1,0	-3,1	-3,9
Construción	-5,6	-5,8	-7,1	-7,0	-5,0	-3,9	-3,8	-2,5	-2,4
Ramas dos servizos	0,0	0,7	-0,7	0,5	1,5	1,5	1,6	1,5	1,5
- Servizos de mercado	-1,4	0,7	-1,2	0,6	1,5	2,1	2,0	1,7	1,6
- Servizos non de mercado	4,4	0,6	0,8	0,2	1,4	-0,1	0,4	1,0	1,1
Impostos netos sobre os produtos	-4,1	1,2	-1,4	1,0	2,0	3,4	2,1	3,1	2,8
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	-3,1	0,1	-1,1	0,2	0,7	0,5	0,8	0,6	0,6

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, decreceu no terceiro trimestre deste ano un 2,5%, o que supuxo un descenso de 27.573 postos de traballo equivalentes nun ano.

Emprego por ramas de actividade Postos de traballo equivalentes a tempo completo

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

	2009	2010	2010				2011		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Ramas agraria e pesqueira	-0,4	-3,9	-5,8	-6,2	-2,5	-1,1	-2,3	-1,3	-5,2
Ramas enerxéticas	-4,6	-1,8	-3,7	-1,9	-1,3	-0,4	-2,2	-1,1	-0,8
Ramas industriais	-8,8	-4,6	-5,3	-5,0	-4,2	-4,0	-6,2	-5,5	-5,6
Construción	-14,4	-9,8	-12,4	-10,4	-8,5	-7,4	-7,5	-7,7	-8,0
Ramas dos servizos	-1,2	-0,2	-0,4	-0,3	0,5	-0,7	-0,6	-0,2	-0,7
- Servizos de mercado	-2,3	-0,9	-1,1	-1,1	0,1	-1,5	-1,8	-1,6	-1,8
- Servizos non de mercado	1,2	1,3	1,1	1,5	1,3	1,2	2,0	2,7	1,7
TOTAL POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	-3,9	-2,2	-3,0	-2,6	-1,5	-1,9	-2,2	-1,8	-2,5

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Atendendo ás ramas de actividade cómpre destacar que os maiores descensos prodúcense nas ramas da construción, as industriais e nas agraria e pesqueira. Os servizos de mercado e as ramas enerxéticas descenden a redor dun 1,0%. A rama de servizos non de mercado presenta un crecemento positivo.

As ramas agraria e pesqueira mostran un descenso interanual do 5,2% no terceiro trimestre do ano, as ramas enerxéticas rexistran unha caída do 0,8%, tres décimas inferior ao descenso do trimestre precedente e as industriais caeron un 5,6%, unha décima superior ao descenso do trimestre anterior. A construción acada un decrecemento do 8,0%, tres décimas superior ao descenso rexistrado no segundo trimestre.

Os servizos de mercado acrecentan o decrecemento do trimestre anterior en dúas décimas, quedando situada a taxa no -1,8%. Os non de mercado experimentan un crecemento interanual do 1,7%, un punto inferior ao crecemento do trimestre anterior.

Emprego por ramas de actividade

Postos de traballo equivalentes a tempo completo asalariados

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

	2009	2010	2010				2011		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Ramas agraria e pesqueira	5,0	-8,0	-17,5	-11,2	-1,8	-0,9	5,4	0,3	-7,6
Ramas enerxéticas	-3,4	-1,8	-3,5	-1,8	-1,3	-0,4	-2,4	-1,2	-0,9
Ramas industriais	-9,5	-5,3	-6,6	-5,7	-4,5	-4,5	-6,7	-6,2	-6,7
Construción	-16,8	-11,5	-14,4	-12,4	-10,2	-8,7	-9,3	-9,3	-9,5
Ramas dos servizos	-0,7	0,0	-0,1	0,0	0,6	-0,6	-0,6	0,0	-0,4
- Servizos de mercado	-1,8	-0,8	-0,8	-0,9	0,2	-1,7	-2,1	-1,7	-1,6
- Servizos non de mercado	1,2	1,3	1,1	1,5	1,3	1,2	2,0	2,7	1,7
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO ASALARIADO	-4,0	-2,5	-3,5	-2,8	-1,5	-2,1	-2,2	-1,9	-2,6

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, amosou neste trimestre unha taxa de variación interanual do -2,6%, dato que supón unha diminución de 23.583 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 3,1%, seis décimas máis que a variación rexistrada no trimestre anterior.

Prezos correntes

O PIB valorado a prezos correntes presenta no terceiro trimestre de 2011 un crecemento interanual do 1,5%, dúas décimas inferior ao do trimestre precedente. Este crecemento implica unha taxa do deflactor implícito do 0,9%, unha décima inferior ao incremento rexistrado no trimestre anterior.

Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos correntes

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

Operacións	2009	2010	2010				2011		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Gasto en consumo final	-0,9	1,4	0,1	1,9	2,2	1,3	2,1	0,9	0,9
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-3,3	1,8	-0,1	2,1	2,5	2,8	2,4	1,8	1,7
-Gasto en consumo final das AAPP	6,0	0,1	0,7	1,1	1,1	-2,7	1,2	-1,6	-1,3
Formación bruta de capital	-9,3	-2,6	-2,1	-1,7	-2,6	-4,0	-4,5	-3,7	-2,3
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	-3,5	0,4	-0,5	1,1	1,1	0,0	0,5	-0,2	0,2
Exportacións de bens e servizos	-13,6	6,4	8,0	9,0	5,1	4,0	10,1	7,4	5,0
Importacións de bens e servizos	-13,1	3,6	6,4	5,0	1,8	1,5	5,5	3,0	2,1
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	-2,4	1,4	-0,4	2,4	2,5	1,1	2,3	1,7	1,5
Ramas agraria e pesqueira	-4,9	5,6	1,6	6,8	9,0	5,2	3,2	1,7	2,1
Ramas enerxéticas	0,9	5,3	13,0	5,2	5,2	-1,5	4,1	6,8	4,5
Ramas industriais	-13,5	-0,7	-0,4	3,4	-1,5	-4,2	1,9	-1,8	-2,0
Construción	-6,5	-6,0	-7,0	-7,5	-5,2	-4,0	-3,7	-2,2	-1,9
Ramas dos servizos	2,9	0,6	-0,6	0,7	1,0	1,3	2,5	2,6	2,8
- Servizos de mercado	1,6	0,8	-1,7	0,5	1,3	3,1	4,1	4,1	3,7
- Servizos non de mercado	7,1	0,0	2,5	1,2	0,1	-3,6	-2,1	-1,8	-0,1
Impostos netos sobre os produtos	-15,7	19,3	4,1	29,6	30,8	15,0	7,6	2,7	-0,7

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>